



CONCELLO DE REDONDELA



## Medidas recollidas nos,

RD-lei 8/2020 de 17 de marzo :<https://www.boe.es/eli/es/rdl/2020/03/17/8>

RD 11/2020 de 31 de marzo: <https://www.boe.es/boe/dias/2020/04/01/>

para as persoas consumidoras de:

### LUZ, GAS E AUGA.

#### 1. GARANTIR OS SUBMINISTROS.

- \* Prohibición de cortar as subministracións básicas (auga, luz e gas) a colectivos vulnerables, vulnerable severo, ou que teñan risco de exclusión social, de acordo coa definición dos artigos 3 e 4 do RD 897/2017 do 17 de marzo.  
<https://www.boe.es/eli/es/rd/2017/10/06/897>
- \* Consumidores que teñan recoñecido o dereito para percibir o bono social e que están acollidos ao Prezo Voluntario ao Pequeno Consumidor ( PVPC).

**Ampliación de medidas:** RD 11/2020 de 31 de marzo, (BOE» núm. 91, de 1 de abril de 2020).

- \* Autónomos que cesen a súa actividade ou vexan reducidos os seus ingresos en máis dun 75%, e que por esa causa poidan ser beneficiarios do bono social eléctrico.
- \* Mentres dure o estado de alarma, quedan en suspenso os procedementos de corte de subministración iniciados con anterioridade.

#### 2. PRORROGAR A DURACIÓN DO BONO SOCIAL.

- \* Prorrogar automaticamente a vixencia do bono social eléctrico a todas as persoas beneficiarias que debían renovar a súa solicitude. Poderán realizar a renovación ata o **próximo 15 setembro de 2020.**

#### 3. FREAR A SUBIDA DE PREZOS:

- \* Suspender a revisión dos prezos máximos dos gases envasados (como as bombonas de butano).
- \* Suspender a revisión dos prezos máximos da tarifa de último recurso ( TUR) de GAS NATURAL para evitar unha posible subida.

***Estas medidas estarán vixentes durante os próximos 6 meses.***



CONCELLO DE REDONDELA



## **CONSUMIDORES DESTINATARIOS DA PROHIBIÇÃO DE CORTE DE SUBMINISTRO DE LUZ , GAS E AGUA.**

Artigos 3 e 4 do RD 897/2017 de 6 de outubro: <https://www.boe.es/eli/es/rd/2017/10/06/897>

### **ARTIGO 3. Consumidor vulnerable e vulnerable severo.**

1. Cando o titular dun punto de subministro de electricidade na súa vivenda habitual estea acollido ao **prezo voluntario para o pequeno consumidor ( PVPC)** e cumpra os requisitos do presente artigo.
2. Para que unha persoa consumidora de enerxía eléctrica (titular do contrato) poida ser considerada/o vulnerable, deberá cumprir **ALGÚN DOS REQUISITOS** seguintes:

**a)** Que a súa renda anual referenciada ao **IPREM a 14 pagas (11.279,40 euros)**, e segundo a situación familiar, sexa igual ou inferior:

\* **NON FORMA PARTE DUNHA UNIDADE FAMILIAR OU NON HAI NINGÚN MENOR NA MESMA:**

**Máximo anual: 11.279,40 euros.**

\* **NO CASO DE QUE HAXA UN MENOR NA UNIDADE FAMILIAR:**

**Máximo anual: 15.039,18 euros.**

\* **NO CASO DE QUE HAXA DOUS MENORES NA UNIDADE FAMILIAR: Máximo anual: 18.798,10 euros.**

(Enténdese por **UNIDADE FAMILIAR** a constituída conforme ao disposto no artigo 82 da Lei 35/2006, do 28 de novembro: <https://www.boe.es/eli/es/l/2006/11/28/35/con> )

**b)** Estar en posesión do **título de familia numerosa.**

**c)** Que o consumidor e, no caso de formar parte dunha unidade familiar, todos os membros que teñan ingresos, **sexan PENSIONISTAS DO SISTEMA DA SEGURIDADE SOCIAL POR XUBILACIÓN OU INCAPACIDADE PERMANENTE**, perciban a **CONTÍA MÍNIMA** vixente en cada momento para cada clase de pensión, e **NON TEÑAN OUTROS INGRESOS**

3. O IPREM ANUAL a 14 pagas do apartado 2.a), **INCREMENTARASE nun 0,5**, sempre que se dea algunha das circunstancias especiais:

**a)** Que o consumidor ou algún dos membros da unidade familiar teña **discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%.**

**b)** Que o consumidor ou algún dos membros da unidade familiar acredite a **situación de violencia de xénero.**



CONCELLO DE REDONDELA



c) Que o consumidor ou algún dos membros da unidade familiar teña a condición de **vítima de terrorismo**.

**4.** Para que a persoa obteña a condición de **VULNERABLE SEVERO** deberá:

a) Cumprir os requisitos anteriores e ter unha renda anual **inferior ou igual ao 50%** das cantidades indicadas no apartado **2.a) do artigo 3**, segundo a situación familiar:

\* **SE NON FORMA PARTE DUNHA UNIDADE FAMILIAR OU NON HAI NINGÚN MENOR NA MESMA.**

Máximo anual: **5.639,70 euros**.

\* **NO CASO DE QUE HAXA UN MENOR NA UNIDADE FAMILIAR.**

Máximo anual: **7.519,59 euros**.

\* **NO CASO DE QUE HAXA DOUS MENORES NA UNIDADE FAMILIAR.**

Máximo anual: **9.399,05**.

*( incluídos os incrementos do 0,5, segundo algún dos os casos do apartado 3 do artigo 3,.)*

b) Atoparse nas seguintes situacións:

\* Renda anual inferior ou igual ou inferior a **unha vez o IPREM anual a 14 pagas** e estar en posesión **do título de familia numerosa**.

\* Renda anual inferior ou igual a **dúas veces o IMPREN anual a 14 pagas**, no caso de que se atope na situación do apartado **2. c) ou 2. b) do artigo 3.**, respectivamente.

#### **ARTIGO 4. Consumidor en risco de exclusión social.**

Terá a consideración de consumidor en risco de exclusión social a persoa que reúna os requisitos para ser vulnerable severo, e que sexa atendida polos servizos sociais dunha Administración autonómica ou local que financie polo menos o 50 por cento do importe da súa factura.

#### **Máis información**

**Departamento de Consumo**

**Atención telefónica de 9 a 14 horas : 986 400 798**

**[consumo@redondela.gal](mailto:consumo@redondela.gal)**